



Curso “Psicoterapia en trauma relacional” - 3ª edición

DOCENTE

Valentín Escudero Carranza (G-1255).

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Marta Millares Otero (G-6868).

DURACIÓN

10 horas.

DATA E HORARIO

Venres, 30 de xaneiro de 2026.
De 09:30 a 14:30 horas e de 15:30 a 20:30 horas.

LUGAR

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
(Rúa Espiñeira, 10-Baixo. 15706, Santiago de Compostela).

PRAZAS

35.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento en psicoloxía.....30,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....60,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....120,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso “Psicoterapia en trauma relacional” - 3ª edición

PROGRAMA

Venres, 30 de xaneiro de 2025.

De 09:30 a 12:30 horas: O trauma relacional como enfermidade invisible.

- Cara unha comprensión máis sistémica do trauma relacional.
- Profundando no trastorno traumático do desenvolvemento.
- A transmisión inter-xeracional do trauma relacional, o “modelo cebola”.

De 12:30 a 14:30 horas: Principais retos para a intervención psicoterapéutica no trauma relacional.

- “Esta psicóloga ameaza con quererme”.
- O círculo vicioso das dificultades no manexo das emocións e identidade negativa.
- O reto da traizón e o abandono.
- Confusión de roles na familia e cos profesionais.
- O gran muro creado polo trauma.
- Negación e disociación.

De 15:30 a 17:30 horas: Pautas de intervención psicoterapéutica.

- A nosa experiencia e os datos de investigación.
- Mapa para navegar polo tratamento do trauma relacional.
 - Cos/as menores.
 - Cos/as adultos/as cuidadores/as.
- Creando alianza terapéutica no contexto específico do trauma.
 - “Non teño problema”.
 - “Non se pode controlar”.
- Decálogo para todos/as os/as profesionais que teñen relación coa infancia e trauma.
- Restaurar o apego.
- Centrarse na resiliencia familiar.
- Superar as “contradicións”.
- Devolver control como seguridade.
- A xestión emocional.
- Construír unha identidade positiva.

De 17:30 a 20:30 horas. O/a terapeuta que traballa con trauma relacional.

- Catro ameazas para a seguridade.
- O autocoidado do/a terapeuta.
- Camiñar con delicadeza.
- Coñecer o teu estilo de apego e adaptarse ao estilo de apego do/a cliente/a.
- Crear espazos terapéuticos dentro e fóra da terapia.
- Sirvo eu para isto?



Curso “Psicoterapia en trauma relacional” - 3ª edición

OBXECTIVOS

Coñecer e profundar sobre o trauma relacional, as súas manifestacións na poboación infanto xuvenil, coñecer os principais retos que supón a intervención psicoterapéutica nesta situación e profundar nas pautas da intervención psicoterapéutica, dende unha visión sistémica.

METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía expositiva presencial, onde o docente e asistentes poderán establecer conversacións e debate sobre a área de coñecemento e facilitarase tempo de traballo de autoconecemento e de identificación do/a terapeuta co seu propio estilo de apego para analizar como inflúe nas nosas intervencións.

DOCENTE

VALENTÍN ESCUDERO CARRANZA (G-1255).

É Psicólogo, Terapeuta familiar e profesor de psicoloxía na Universidade de A Coruña.

É Director da Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar e do máster de Intervención e Coidado Familiar na Universidade de A Coruña.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 20 de xaneiro de 2026.